

AVISO

CAMPAÑA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA 2025

Animamos ás veciñas e veciños do Concello do Pereiro de Aguiar a que soliciten á Deputación Provincial de Ourense un **composteiro gratuíto**.

O seu uso permitiralle solicitar a TARIFA REDUCIDA POR REALIZACIÓN DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA (30% de redución na taxa do lixo):
55,95€ anual (13,99 €/trimestre).

Para conseguir o seu composteiro deben solicitalo á Deputación, cubrindo e enviando un formulario como o mostrado na fotografía.

Requisitos para participar na campaña:

- Ter a túa primeira residencia no Concello do Pereiro de Aguiar.
- Non ter participado en campañas anteriores de entrega de composteiros.
- Ter como mínimo 50m² de horta ou xardín.
- Comprometerse a estar presente na túa vivenda durante as visitas previstas na campaña. Na primeira, farase entrega do composteiro e do manual de uso.

Máis información:
Deputación Provincial de Ourense.
Tfno: 988 317 687
avaliacion.ambiental@depourense.gal

FORMULARIO (dispoñible para a súa descarga na páxina web do concello: www.pereiro.gal)

Aínda estás pensando en participar na Campaña de Compostaxe Doméstica?

Comproba por ti mesmo/a o sinxelo que é obter uns resultados espectaculares cos restos orgánicos do teu fogar.

Cubre o seguinte formulario e participa nesta campaña.

Non perdas a oportunidade de conseguir o teu propio abono de calidade.

Máis información en:
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
Rúa Progreso, 32
32003 Ourense
Tel.: 988 317 687
avaliacion.ambiental@depourense.gal
www.depourense.gal

NOME E APELIDOS	
ENDEREZO FISCAL	
TELÉFONO	
E-MAIL	
Conta coa superficie mínima para participar (50 m ²)	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Participou en campañas anteriores	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
SINATURA	

2025-2026

Campaña de Compostaxe Doméstica

NOS CONCELLOS DA PROVINCIA QUE TEÑEN DELEGADO O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RCL NA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Anótate, terás un 30% DE DESCENTO no recibo do lixo e DÁMOSCHE UN COMPOSTEIRO!



Sabías que?

1

A compostaxe permite **obter un abono de calidade** para a horta ou o xardín



2

Axuda a **cerrar o ciclo de vida dos residuos orgánicos**



3

Promove a economía circular devolvendo á terra os biorresiduos en forma de materia orgánica rica en nutrientes

4

Reduce as emisións dos gases de efecto invernadoiro e o cambio climático

Para conseguir o teu propio compost só tes que:



Situación

Escoller o mellor lugar posible dentro da túa parcela, accesible, con algo de sombra e en contacto co solo.



Material

Composteiro onde depositar os restos orgánicos do fogar e tamén os refugallos do xardín e/ou da horta.



Ferramentas

Precisarás dunha pequena ferramenta para remover e airear os materiais que están no composteiro. Tamén precisarás dunha pa para retirar o compost maduro.



Auga

Sempre que sexa preciso, deberás humedecer o interior do composteiro para asegurar o éxito do proceso.

Realizar ben a compostaxe dos residuos orgánicos xerados nas cocíñas dos nosos fogares ten unha **REDUCCIÓN DUN 30 % NA CUOTA DE RECOLLIDA DE LIXO** (BOP núm. 249 do 27.12.2024)

Requisitos para participar na campaña:

- Ter a túa primeira residencia nalgún concello da provincia que teña delegado o servizo de recollida de RCL na Deputación de Ourense.
- Non ter participado en campañas anteriores de fomento da compostaxe doméstica.
- Ter como mínimo 50 m² de horta ou de xardín.
- Comprometerse a estar presente na túa vivenda durante as visitas previstas na campaña. **Na primeira, farase entrega do composteiro e do manual.**



Descarga do **Manual de compostaxe doméstico:**
<https://www.sogama.gal/compostaxe/wp-content/uploads/2022/05/Manual-de-Compostaje-Domestico-SOGAMA-ES.pdf>

Buscador de residuos **Onde vai?:**
<https://ondevai.sogama.gal>



Solicitude para a REDUCCIÓN DA TAXA na sede electrónica da páxina da Deputación de Ourense:

www.depourense.gal

Sede Electrónica → Todos os trámites → Buscar «*Solicitude de aplicación da taxa provincial reducida pola prestación do "Servizo intermunicipal delegado de recollida de residuos de competencia local"*».

